

**BASES COMPETICIÓN COPA GALICIA FEMININA**  
(APROBADAS POLA ASAMBLEA XERAL O 10 DE XULLO DE 2021)

**EQUIPOS PARTICIPANTES:** Nesta competición participan os cinco equipos que na tempada 2020/21 competiron na lida de División de Honra Prata Feminina e os tres equipos mellor clasificados da 1ª Autonómica Feminina.

CATEGORÍA	EQUIPO
División de Honra Prata Feminina	Rubensa Bm. Porriño
División de Honra Prata Feminina	AD. Carballal
División de Honra Prata Feminina	SAR Rodavigo
División de Honra Prata Feminina	Asmubal Meaño
División de Honra Prata Feminina	CdeC Lavadores
1ª Autonómica Feminina	Bm. Saeplast Cañiza
1ª Autonómica Feminina	Bm. Samertolameu
1ª Autonómica Feminina	Bm. Chapela

**FORMATO DE COMPETICIÓN:**

Todos os equipos participantes entrarán nunha eliminatoria de cuartos de final, sendo cabezas de serie e indo por diferentes partes do cadro os equipos de División de Honra Prata Feminina, os equipos de 1ª Autonómica serán encadrados por orde de clasificación na eliminatoria de cuartos; os encontros sempre se disputarán na sede do equipo de menor categoría ou peor clasificados na tempada 2020/21.

CUARTOS (15 e 22 de Agosto)		
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE
A	Bm. Chapela	Rubensa Bm. Porriño
B	CdeC Lavadores	Asmubal Meaño
C	Bm. Samertolameu	AD. Carballal
D	Saeplast Cañiza	SAR Rodavigo

SEMIFINAIS (4 - Setembro)			
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE	HORARIO
SEMIFINAL 1	Gañador A	Gañador B	11:00
SEMIFINAL 2	Gañador C	Gañador D	13:00

FINAL (5 - Setembro)			
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE	HORARIO
FINAL	Gañador Semifinal 1	Gañador Semifinal 2	13:00

As semifinais e a final serán xogadas nunha mesma sede elixida pola FGBm. E as datas da mesma poden variar dependendo do inicio da Liga ASOBAL e Guerreiras Iberdrola para coincidir coas Supercopas.

**CRITERIOS DE DESEMPATE EN TODAS AS ALIMINATORIAS:**

- NOREBA-GA

**CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:**

A participación na Copa e Supercopa Galicia será de carácter obrigatorio para todos os clubs implicados; no caso de que calquera club renuncie a participar ou realice calquera acto que adultere a competición (acudir co equipo filial, non presentarse a algún encontro, pactar resultados, etc...), a FGBm informará á Secretaría Xeral Para o Deporte para que se tomen as medidas oportunas, ademais, calquera desas dúas circunstancias implicarán a mesma sanción que a retirada dun equipo en calquera competición oficial, a sanción será emitida polo Comité de Competición da FGBm.

O Seguro Deportivo obrigatorio entrará en vigor o 1 de Agosto de 2021, todos os xogadores/ase staff deberán ter o seguro correctamente tramitado para a disputa desta competición.

**PROTOCOLO COVID**

Todos os equipos deben cumprir coa normativa autonómica para o deporte federado, marcada pola Xunta de Galicia en cada momento. Actualmente, aos equipos de categoría nacional permíteselles realizar actividade federada sempre e cando acrediten a realización de test de antíxenos cada 14 días, mentres que os equipos de categoría autonómica se guían polo protocolo FISICOVID-DXT GALEGO da Federación Galega de Balonmán, no que se establece o uso da máscara.

Nesta competición, en aras de que os equipos compitan en igualdade de condicións e tras a consenso na reunión de clubs realizada o 16 de agosto de 2021, todos os equipos deben disputar esta competición coa máscara oficial da FGBm.